



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Idioma moderno: Idioma (B) Alemán I

Materia	Idioma moderno: Idioma (B) Alemán I			
Código	V01G430V01105			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Cortes Gabaudan, Helena			
Profesorado	Cortes Gabaudan, Helena Zettl , Andreas			
Correo-e	hcortes@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo">http://https://moovi.uvigo</a> .			
Descrición xeral	É unha materia de seis créditos, que se imparte no primeiro cuadrimestre do primeiro curso do grao, e que está concibida como unha disciplina de iniciación á lingua alemá básica, así como de introdución elemental ao coñecemento da cultura sobre a que se sostén este idioma, entendendo con isto a lingua e algúns aspectos culturais dos países de fala alemá. Tense en conta o feito de que a maioría do alumnado se enfrenta por primeira vez á lingua alemá na idade adulta, polo que se parte dun nivel cero de coñecementos que, aínda que permite unha progresión relativamente rápida no dominio gramatical básico da lingua, só admite unha progresión bastante máis lenta no dominio das competencias orais neste primeiro curso. Ao final do curso espérase alcanzar o nivel A1.1.			

## Competencias

Código	
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B4	Capacidade de comunicación oral e escrita en español, galego e en outras dous linguas do ámbito europeo.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C10	Coñecemento da norma e o uso discursivo das linguas do grao e capacidade para aplicar de maneira crítica eses coñecementos na actividade profesional.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Desenvolver a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.	A2 A3 A4	B4 B9	
Desenvolver a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.	A2 A3 A4	B9	C10

## Contidos

Tema
------

1. Introducción: a lingua alemá. Alfabeto e fonética. Regras básicas de pronuncia. Letras e sons. Deletrear. A declinación: o nominativo. O artigo determinado e indeterminado e os pronombres persoais.	Países, cidades, linguas e xentilicios. O mapa de Europa. Saúdos e presentacións.
2. O presente dos verbos regulares e os verbos "sein" e "haben". A posición do verbo na frase. Preposicións locais: 'aus', 'in', 'nach'.	As profesións e outros datos persoais Os números e a idade. A familia.
3. Morfoloxía do nome: xénero e número. O sufixo de feminino 'in'. A formación do plural. Regras.	Falar na clase. Os números. Operacións matemáticas.
4. Presente dos verbos irregulares. Verbos separables. O pronombre impersonal 'man'.	A hora. Medios de transporte e viaxes.
5. O caso acusativo e as súas preposicións. Os pronombres posesivos. O adxectivo en posición predicativa.	As compras.
6. As partículas: 'wohl', 'doch', 'aber', 'ja', etc. As conxuncións: und, oder, aber, denn. Os adverbios de tempo. A negación: nein/ nicht/ kein.	Os números: o prezo das cousas. Facer valoracións.
7. O nome: repaso de normas de xénero e formación do plural. Nomes compostos.	A comunicación: cartas, formularios, mensaxes, correos electrónicos, etc.
8. Os verbos modais. O caso dativo e as súas preposicións.	Tempo libre. Hobbies.
9. Preposicións temporais. Os números ordinales.	No hotel. Indicacións temporais: hora, data, etc.
10. Repaso dos verbos modais. O verbo 'mögen' e a forma 'möchte'.	Comidas e bebidas. Receitas. As distintas comidas do día.
11. O caso xenitivo. As súas preposicións. Observación: este temario inicial, en que se propón un estudo da lingua e da cultura alemás, está aberto as novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases.	Estados federais (Länder) e capitais da RFA. Ao longo do curso, sobre todo nas clases prácticas, se irán tratando temas de coñecemento cultural dos países de fala alemana (Landeskunde).

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	8	8	16
Traballo tutelado	40	80	120
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades organizativas: explicación pormenorizada do programa da materia e do desenvolvemento da mesma dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas, así como a presentación das diferentes ferramentas de traballo necesarias para a súa aprendizaxe: manual, dicionarios e outros libros complementarios.
Lección maxistral	Exposicións teóricas de temas gramaticais, léxicos e culturais.
Traballo tutelado	Práctica de lectura, escritura e tradución, corrección de exercicios, exposicións individuais e resolución das dificultades lingüísticas e culturais.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Poderanse consultar en titorías todas as dúbidas xurdidas no desenvolvemento dos traballos e exercicios para realizar en casa.
Probas	Descrición

Resolución de problemas e/ou exercicios	Existirá a posibilidade de revisar o exame final e comentar os problemas xurdidos co profesor da materia.
---	---

<b>Avaliación</b>					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Valoración continua da participación activa en todas as actividades desenvolvidas na aula. Puntuación de traballos e exercicios entregados durante o curso nas clases teóricas e prácticas.	30	A2 A3 A4	B9	C10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame escrito de contido léxico e gramatical; proba oral de apoio en casos puntuais que o requiran: avaliación única, casos dubidosos con baixa nota no exame escrito. A nota sería a suma de ambas probas (escrita e oral).	70	A2 A3 A4	B9	C10

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS**

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de **avaliación continua** de acordo coas metodoloxías e porcentaxes descritas máis arriba. Para obter o 30% (máximo) establecido para os traballos de aula, atenderase a participación regular e activa na aula (pídese un 80% de asistencia), ademais da entrega de traballos e á valoración da calidade dos mesmos. A proba escrita realizase PARA TODO Ó ALUMNADO na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla a **avaliación única** deberá realizar e superar un exame escrito sobre os contidos da materia, que se realizará na data oficial fixada no calendario aprobado pola Xunta da FFT, e máis outro oral noutra data concertada co profesorado para superala: o primeiro cun valor do 70% e o segundo cun valor do 30% da nota.

Tanto no caso da avaliación continua, como da avaliación única, a nota dos exames -escrito e oral- non deberá ser inferior a 4 para superar a materia. Para poder presentarse á proba oral na avaliación única é necesario ter alcanzado un mínimo de 4 na proba escrita.

**SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO) Exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación, que se realizará na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT.**

**ADVERTENCIA: En calquera das convocatorias de exames, o profesorado pode esixir a realización dunha proba oral complementaria a aquel alumnado, xa sexa de avaliación continua ou única que, segundo o seu criterio razoado, non demostrara suficiente competencia na materia ou por calquera causa precise confirmar mellor o seu nivel na materia.**

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

S. Glas-Peters, A. Pude, M. Reiman, **Menschen DaF Arbeitsbuch (mit Audio-CD)**, Hueber Verlag, 2017

I. Felip Sardà, C. Seuthe, V. Ayuso García, S. Caesar, G. Carrascal, **Menschen DaF Glossar XXL/ Guía**, Hueber Verlag, 2017

#### **Bibliografía Complementaria**

Castell, A., **Gramática de la lengua alemana**, Idiomas, 2011

Langenscheidt, **Diccionario Moderno Alemán. Español-Alemán, Alemán-Español**, Langenscheidt, 2009

Ruipérez, G., **Gramática Alemana**, Cátedra, 2006

Tschirner, E., **Grund- und Aufbauwortschatz. Deutsch als Fremdsprache nach Themen**, Cornelsen, 2008

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

Nesta materia se parte dun nivel cero de alemán, polo que non é necesario ter coñecementos previos.

Recoméndase a asistencia ás clases, a participación activa nas mesmas e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.

Recoméndase ter tamén en conta os seguintes aspectos:

1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo do curso ou no exame final suporá un cero nesa proba.
2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as distintas probas de avaliación.
3. O alumnado visitante en programas de intercambio con universidades estranxeiras, deberá ter en conta a lingua e o nivel de lingua do curso.
4. Ademais dos contidos e pertinencia dos exercicios e exame escrito, valorarase a corrección lingüística dos mesmos.

Ao final desta materia espérase alcanzar o nivel A1.1. en alemán.

---